



OURENSE, A DEZANOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

**XUÍZ ÚNICO FEGAN**

**ACTA N° 39-2025 / TEMPADA 2025-26**

**RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR**

**Competición:** LIGA GALEGA ABSOLUTA MASCULINA DH 25-26 (Xornada 6)

**Equipos participantes:** C. MARINA FERROL - REAL C. NÁUTICO DE VIGO

**Día, hora e lugar:** 14/12/25; 18:00

**FEITOS**

**FEITO PRIMEIRO:** O día 15/12/25 foi remitida a este Xuíz Único a acta e o seu anexo do encontro disputado o 14/12/25 entre o C. MARINA FERROL e o REAL C. NÁUTICO DE VIGO. No anexo da acta consígnase literalmente o seguinte feito:

*"No minuto 00:52 do primeiro período expúlsase definitivamente, con substitución disciplinaria, ao xogador n.º 9 visitante, D. Lucas Collazo Mosquera, polos seguintes feitos: Tras sancionárselle unha expulsión en contra, pararse na auga e dirixirse ao árbitro berrando «¡Pero qué dices!». Mentres abandona a auga, continúa nas súas protestas, golpeando a auga co brazo e berrándolle ao colexiado «¡Puto sinvergüenza!». Cando se retira cara os vestiarios, dalle un golpe a un dos mamparos que dividen o acceso, provocando un ruído audible en toda a piscina."*

**FEITO SEGUNDO:** Con data 16/12/25 deuse trámite de audiencia ao interesado polo prazo de dous días hábiles, conforme o modelo empregado polo Comité de Competición da Federación Galega de Natación.

**FEITO TERCEIRO:** No prazo concedido non se presentaron alegacións por parte do interesado.

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro:** A redacción da acta arbitral goza de presunción de veracidade iuris tantum, non desvirtuada neste expediente, ao non terse formulado alegacións nin achegado proba algunha en contrario.

**Segundo:** A conduta descrita –protestas reiteradas e insultos dirixidos ao colexiado, así como un acto de menosprezo materializado no golpe a un elemento da instalación– foi correctamente sancionada no encontro con expulsión definitiva con substitución disciplinaria, incardinándose no réxime sancionador aplicable aos xogadores.

Conforme á normativa disciplinaria vixente da Federación Galega de Natación, a primeira expulsión definitiva disciplinaria leva aparellada a sanción de un partido de suspensión.

## RESOLVO

Impoñer a **D. Lucas Collazo Mosquera**, xogador do Real Club Náutico de Vigo, a sanción de **UN PARTIDO DE SUSPENSIÓN**, correspondente á súa primeira expulsión definitiva disciplinaria, de acordo coa normativa vixente da Federación Galega de Natación.

Notifíquese aos interesados. Contra a presente resolución poderase interpoñer o recurso que en dereito corresponda.

En lugar e data ut supra,

**Xuíz Único do Comité de Competición da FEGAN**

JOSÉ ANTONIO NÓVOA

Colexiado nº 2.623, en exercicio, do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense